




Enquisa á poboación sobre a Sociedade da Información en Galicia

RESULTADOS ANO 2011



I. Presentación do estudo

II. Principais resultados

II.1 Indicadores xerais

Contratación de Internet
Banda larga
Equipamento de ordenador
Utilización de ordenador e Internet
Usos persoais de Internet

II.2 Perfil sociodemográfico

II.3 eAdministración e comercio electrónico

eAdministración
Comercio electrónico



Principais resultados da “Enquisa á poboación sobre a Sociedade da Información en Galicia”.

Realizada polo Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia, adscrito á **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** da Xunta de Galicia.

Obxectivos:

- Analizar o equipamento e uso das TIC nos fogares galegos
- Servir de elemento de definición das políticas públicas en materia da Sociedade da Información e Modernización de Galicia.

Metodoloxía:

- Entrevistas persoais asistidas por ordenador a 1.692 galegos e galegas de 16 a 74 anos,
- Período de realización da enquisa: 14 de marzo e o 19 de xuño de 2012.
- A marxe de erro para o conxunto da mostra é de $\pm 2,43\%$.



Colaboración co Instituto Galego de Estatística (IGE)

Marco estratéxico: Axenda Dixital 2014.gal da Xunta de Galicia.





Principais resultados




II.1. Indicadores xerais

Contratación de Internet


- ⇒ O 58,3% dos fogares dispón de conexión a Internet, incrementándose un 19,2% desde principios do ano 2010. Reducimos a fenda dixital en 4,6 puntos.
- ⇒ O ritmo de crecemento galego duplica ao estatal. En Galicia, a contratación de Internet medrou 9,4 puntos mentres que o incremento da media estatal foi de 4,8 puntos
- ⇒ O dato de contratación da conexión a Internet elévase nas grandes cidades ata o 67,9%, case 10 puntos por riba da media galega e converxendo xa coa media estatal (a só 2 décimas)
- ⇒ Nos 199 concellos rurais de menos de 5.000 habitantes a porcentaxe descende ata o 43,3%.

Contratación de conexión a Internet
Comparación Galicia e España
(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA-INE

Contratación de conexión a Internet en Galicia segundo o tipo de
hábitat
(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA - INE




II.1. Indicadores xerais

Banda larga

- ⇒ O 55,9% dos fogares galegos conéctase a Internet mediante banda larga, un 20,2% máis que en 2010.
- ⇒ Ritmo de crecemento superior á media estatal: a banda larga medrou 9,4 puntos en Galicia fronte aos 4,5 puntos de aumento que rexistrou a media estatal. Isto permitiu **reducir a fenda dixital entre Galicia e España en 4,9 puntos**.
- ⇒ Un **59,2%** dos fogares galegos que dispoñen de Internet teñen contratado unha **velocidade superior a 4 Mbps**.

Fogares con acceso contratado a Banda larga


(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA-INE, Eurostat

Velocidade de conexión a Internet

(% sobre fogares que dispoñen de conexión a Internet)



Fonte: OSIMGA




II.1. Indicadores xerais

Equipamento de ordenador


- ☞ Sete de cada dez fogares galegos dispoñen de ordenador, cun crecemento do 14,8% no período 2010-2011
- ☞ **Converxencia coa media estatal**, debido a que este indicador incrementouse máis de 9 puntos en Galicia fronte aos 2,8 puntos de aumento da media estatal.
- ☞ A presenza de nenos en idade escolar obrigatoria no fogar é un factor que incrementa a dispoñibilidade de ordenador, elevando a porcentaxe ata o 88,9%.

Equipamento do ordenador

(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA



II.1. Indicadores xerais




Uso de ordenador e Internet

➡ O 62,3% dos galegos/as empregou o ordenador nos últimos tres meses, superando en 4,5 puntos a porcentaxe que se rexistraba a principios de 2010 e reducindo a fenda dixital coa media estatal en 2,6 puntos.

Utilización de Internet nos últimos tres meses

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de persoas)




Fonte: OSIMGA-INE

Utilización do ordenador nos últimos tres meses

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de persoas)



Fonte: OSIMGA-INE

➡ Un 60,3% da poboación galega utilizou Internet nos últimos tres meses, 6,7 puntos máis que a principios do ano 2010, reducindo a fenda dixital en 3,8 puntos.

➡ A porcentaxe de uso de Internet nos últimos tres meses en fogares onde conviven nenos/as en idade escolar (77,4%) supera en 17,1 puntos a media da poboación galega.


II.1. Indicadores xerais



Usos persoais de Internet

Servizos e contidos en Internet aos que se accede por motivos particulares

(% sobre persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses)



Fonte: OSIMGA



Os usos maioritarios de Internet seguen a ser o correo electrónico e a busca de información sobre bens e servizos.

Dúas de cada tres persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses fan uso das Redes Sociais.

Un 43,6% dos internautas galegos empregan a banca electrónica.

Os internautas galegos superan á media estatal no uso da banca electrónica, procuras de información sobre saúde e emprego.

II.2. Perfil sociodemográfico




ENQUISA Á POBOACIÓN SOBRE A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN EN GALICIA

Factores que inflúen no avance das TIC (I)

➡ 1. Idade: Envellecemento poboacional

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a idade. Ano 2011
(% sobre o total de persoas)



Os galegos/as de 16 a 44 anos toman vantaxe sobre os do resto de España no uso de Internet. O uso da Rede diminúe significativamente a partir dos 45 anos e a diferenza coa media estatal supera os 9 puntos no tramo de idade de 45 a 64 anos.

II.2. Perfil sociodemográfico



ENQUISA Á POBOACIÓN SOBRE A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN EN GALICIA

Factores que inflúen no avance das TIC (II)

2. Hábitat: Dispersión poboacional e 30.576 núcleos con menos de 1.000 hab.

Hábitat rural:

Uso de Internet nos concellos de menos de 5.000 habitantes : 45,2%



Hábitat urbano:

Uso de Internet nos concellos de máis de 50.000 habitantes: 67,7%




Tendencia de converxencia coa media estatal.

No hábitat urbano, o uso de Internet medrou 10,8 puntos, situándose só a 2,2 puntos da media estatal

3. Xénero: Menor uso de Internet entre as mulleres

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o sexo. Ano 2011
(% sobre o total de persoas)

A fenda dixital segundo o xénero en Galicia é de 5,2 puntos, lixeiramente por baixo da fenda dixital que se rexistra a nivel estatal (5,4 puntos)



Fonte: OSIMGA-INE

II.2. Perfil sociodemográfico




ENQUISA Á POBOACIÓN SOBRE A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN EN GALICIA

Factores que inflúen no avance das TIC (III)

4. Convivencia con nenos/as en idade escolar

Cando no fogar residen nenos/as en idade escolar, a utilización de Internet nos últimos tres meses supera á media en 17,1 puntos porcentuais.




Fonte: OSIMGA



5. Volume de ingresos

O volume de ingresos ascendente actúa de factor potenciador en canto á utilización de Internet



Fonte: OSIMGA

II.3. eAdmon e eComercio




eAdministración

- ☞ A interacción coas AAPP para o envío de formularios cumprimentados a través de Internet acada o 24,2%, experimentando un aumento de 3,9 puntos porcentuais no período 2010-2011.
- ☞ O tipo de interacción máis frecuente coas Administracións Públicas é a procura de información, sendo a Xunta de Galicia a Administración coa que a poboación galega ten máis interacción a través da Rede.



Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos tres/doce meses (ano 2011)

(% sobre as persoas que utilizaron Internet nos últimos tres/doce meses (ano 2011))



Fonte: OSIMGA


II.3. eAdmon e eComercio



ENQUISA Á POBOACIÓN SOBRE A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN EN GALICIA

Comercio electrónico

- ☞ O 16,4% da poboación galega comprou a través de Internet nos últimos tres meses.
- ☞ As compras a través da Rede incrementáronse un 13,9% no período 2010-2011 fronte ao 8,6% da **media estatal**, o que volve a reflectir un maior ritmo de crecemento galego e unha tendencia cara a converxencia.
- ☞ As **viaxes e aloxamentos de vacacións** son os produtos máis demandados a través de Internet.



Fonte: OSIMGA-INE





Conclusións

- ➡ A conexión a Internet a través de banda larga en Galicia aumentou un 20,2% desde comezos do ano 2010.
- ➡ O ritmo de crecemento galego duplica o que rexistra a media estatal en contratación de Internet e banda larga.
- ➡ Os concellos galegos situados en hábitat urbano converxen á media estatal no uso de Internet.
- ➡ Os galegos/as de 16 a 44 anos toman vantaxe sobre os do resto de España no uso de Internet.

galiciã



Máis información: www.osimga.org